

# CONCURSO DE RELATOS DE MEDO

## BASES:



-Cada alumnado só poderá participar cun único traballo.

-Categorías:

Categoría A: alumnado de Educación Infantil, participará realizando un debuxo terrorífico na plantilla que se propón para esta categoría.

Categoría B: dirixido ao alumnado de 1º e 2º de Educación Primaria, presentación dun relato de medo estilo libre, coa extensión e debuxos que se propón na plantilla desta categoría.

Categoría C: dirixido ao alumnado de 3º e 4º de Educación Primaria, presentación dun relato de medo estilo libre, coa extensión e debuxos que se propón na plantilla desta categoría.

Categoría D: dirixido ao alumnado de 5º e 6º de Educación Primaria, presentación dun relato de medo estilo libre, coa extensión e debuxos que se propón na plantilla desta categoría.



Nas categorías B, C e D valorarase tendo en conta a súa idade:

- Presentación e limpeza.
- Título do relato.
- Orixinalidade.
- Manexo da linguaxe e riqueza de vocabulario.
- Estrutura e cohesión do relato.
- Desenlace impactante.

Na categoría A valorarase:

- Expresión gráfica autónoma do alumnado, color, creatividade e orixinalidade.



Forma de presentación:

- Presentarse de forma escrita (tanto lapis como bolígrafo), nas plantillas de cada categoría.
- Haberá na biblioteca unha serie de caixas, cada caixa será unha categoría na que se colocarán os relatos.



Contido:

A temática dos relatos será de misterio, medo e terror.


Os relatos serán escritos en LINGUA GALEGA.

Premios e entrega:

Entregarase en cada categoría un único premio, poidéndose conceder mencións especiais sen premio pero con diploma.

A data límite de entrega será o vindeiro 23 de outubro.

Todos os traballos serán publicados en formato dixital, e difundidos no noso centro educativo.



Composición do xurado:

O xurado encargado de valorar os traballos está composto polo Equipo de Biblioteca Escolar do CEIP Fogar.

A decisión do xurado será inapelable.

A presentación dos traballos para concursar supón a aceptación expresa das bases aquí establecidas.

